



## ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN PEDAGÓXICA E CULTURAL GAMELAN

### CAPÍTULO I DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO:

**Artigo 1.** Coa denominación de ASOCIACION PEDAGÓXICA E CULTURAL GAMELAN constitúese unha entidade ó amparo da "Ley Orgánica 1/2002, de 22 de marzo", e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

**Artigo 2.** Esta asociación constitúese por tempo indefinido.

**Artigo 3.** A existencia desta asociación ten como fins:

- A promoción da cultura e das actividades culturais.
- O fomento da música, como eixe temático prioritario da Asociación, nas súas dimensións tradicionais e das novas tendencias.
- A contribución á difusión da cultura en xeral e da galega en particular.
- Promover a formación continua do profesorado.
- A promoción e difusión da lingua galega.
- Fomentar a conciliación da vida laboral e familiar.
- Atender e integrar a menores en risco de exclusión social ou discapacitados.
- Apoiar ás familias inmigrantes mediante a integración socio-cultural dos seus fillos e fillas.

**Artigo 4.** Para o cumprimento destes fins admitirase o traballo de voluntariado e realizaranse as seguintes actividades:

- Actividades de promoción e cooperación cultural.
- Promover actividades de difusión musical con fines educativos, de ocio, terapéuticos, ...
- Fomentar grupos de traballo para dinamizar a formación continua do profesorado.
- Intercambiar experiencias educativas.
- Organizar cursos, seminarios e talleres que contribúan á dinamización do ensino en galego dirixidas a formación do profesorado que imparta a súa docencia en centros non universitarios.
- Establecer coordinación con outras actividades afíns.
- Atender ós menores no seu tempo fóra da escola, polas tardes, e especialmente nos períodos de vacacións.
- Organizar actividades de reforzo escolar e apoio educativo.
- Organizar e dinamizar Talleres de Pedagogía Terapéutica.

De cara á realización das actividades a Asociación organizarase nas áreas seguintes:



- Área formativa.
- Área de comunicación e intercambio de experiencias.
- Área creativa.
- Área de talleres.

**Artigo 5.** A Asociación establece o seu domicilio social en A Coruña, rúa Adelaida Muro, nº 52, localidade de A Coruña, provincia de A Coruña, CP 15002 e o seu ámbito territorial no que vai realizar principalmente as súas actividades é a Comunidade Autónoma de Galicia.

## CAPITULO II ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN

**Artigo 6.** A Asociación será xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada por: un Presidente, un Secretario e un Tesoureiro e poderá ter ata un máximo de catro Vocais.

Tódolos cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuitos. Estes serán designados e revocados pola Asamblea Xeral Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de 4 anos.

**Artigo 7.** Estes poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e por expiración do mandato.

**Artigo 8.** Os membros da Xunta Directiva que agotaran o prazo para o cual foron elexidos, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento en que prodúzase a aceptación dos que os substitúan.

**Artigo 9.** A Xunta Directiva reunirse tantas veces o determine o seu Presidente e por iniciativa ou petición dun tercio dos seus membros. Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. No caso de empate, o voto do Presidente será de calidade.

**Artigo 10.** Facultades da Xunta Directiva: As facultades da Xunta Directiva extenderanse, con carácter xeral a tódolos actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asamblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Dirixí-las actividades sociais e leva-la xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realiza-los oportunos contratos e actos.
- b) Executa-los acordos da Asamblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asamblea Xeral os Balances e as Contas anuais.
- d) Resolver sobre a admisión de novos asociados.
- e) Nomear delegados para algunha determinada actividade da Asociación.



- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da  
Asamblea Xeral de socios.

**Artigo 11.** O Presidente terá as seguintes atribucións: Representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados; convocar e presidir e levanta-las sesións que celebre a Asamblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixi-las deliberacións dunha e outra; ordenar pagos e autorizar coa súa asina os documentos, actas e correspondencia; adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenrolo das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen perxuício de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

**Artigo 12.** O Secretario terá o seu cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os libros da asociación que sexan legalmente establecidos e o ficheiro de asociados, e custodiará a documentación da entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles ós Rexistros correspondentes, así como a presentación das contas anuais e o cumprimento das obrigas documentais nos términos que legalmente correspondan.

**Artigo 13.** O Tesoureiro recaudará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente.

**Artigo 14.** Os Vocais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, e así como as que nazcan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.

**Artigo 15.** As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre ditos membros ata a elección definitiva pola Asamblea Xeral Extraordinaria.

### CAPITULO III ASAMBLEA XERAL

**Artigo 16.** A Asamblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por tódolos asociados.

**Artigo 17.** As reunións da Asamblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase unha vez ó ano dentro dos catro meses seguintes ó peche do exercicio; as extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuicio do Presidente, cando a Directiva acórdeo ou cando propoñao por escrito unha décima parte dos asociados.

**Artigo 18.** As convocatorias das Assembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da reunión así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asamblea en primeira convocatoria haberán de mediar ó



menos quince días, podendo así mesmo facerse constar, se procedera, a data e hora en que reunirase a Asamblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a unha hora.

**Artigo 19.** As Assembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán válidamente constituídas en primeira convocatoria cando concurren a ela un tercio dos asociados con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados con dereito a voto.

Os acordos tomaranse por **maioría simple** das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen ós negativos, non sendo computables a estos efectos os votos en blanco nin as abstencións.

Será necesario **maioría cualificada** das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a) Nomeamento das Xuntas directivas e administradores.
- b) Acordo para constituir unha Federación de asociacións ou integrarse nelas.
- c) Disposición ou enaxenación de bens integrantes do inmovilizado.
- d) Modificación de estatutos.
- e) Disolución da entidade.

**Artigo 20.** Son facultades da Asamblea Xeral Ordinaria:

- a) Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.
- b) Examinar e aproba-las Contas anuais.
- c) Aprobar ou rechaza-las propostas da Xunta Directiva en orden ás actividades da Asociación.
- d) Fixa-las cuotas ordinarias ou extraordinarias.
- e) Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva da Asamblea Extraordinaria.
- f) Acorda-la remuneración, no seu caso, dos membros dos órganos de representación.

**Artigo 21.** Corresponde á Asamblea Xeral Extraordinaria:

- a) Nomeamento dos membros da Xunta Directiva.
- b) Modificación dos Estatutos.
- c) Disolución da Asociación.
- d) Expulsión de socios, a proposta da Xunta Directiva.
- e) Constitución de Federacións ou integración nelas.

#### CAPITULO IV SOCIOS

**Artigo 22.** Poderán pertencer á Asociación aquelas persoas con capacidade de obrar que teñan interese no desenrolo dos fins da Asociación.



**Artigo 23.** Dentro da Asociación existirán as seguintes clases de socios:

- a) Socios fundadores, que serán aqueles que participen no acto de constitución da Asociación.
- b) Socios de número, que serán os que ingresen despois da constitución da Asociación.
- c) Socios infantís, que serán os fillos e fillas dos socios de número menores de 18 anos.
- d) Socios de honra, os que polo seu prestixio ou por ter contribuído de modo relevante á dignificación e desenrolo da Asociación, faganse acreedores de tal distinción. O nomeamento dos socios de honra corresponderá á Xunta Directiva.

**Artigo 24.** Os socios causarán baixa por algunha das causas seguintes:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Por incumprimento das obrigas económicas, se deixara de satisfacer 3 cuotas periódicas.

**Artigo 25.** Os socios de número e fundadores terán os seguintes dereitos:

- a) Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
- b) Disfrutar de tódolos servizos e instalacións da Asociación.
- c) Participar nas Asambleas con voz e voto.
- d) Ser electores e elexibles para os cargos directivos.
- e) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- f) Facer suxerencias ós membros da Xunta Directiva en orden ó mellor cumprimento dos fins da Asociación.

**Artigo 26.** Os socios infantís terán os seguintes dereitos:

- a) Participar, segundo as súas idades, das actividades que a Asociación organice.
- b) Non pagar cuota de socio.

**Artigo 27.** Os socios fundadores e de número terán as seguintes obrigas:

- a) Cumpli-los presentes Estatutos e os acordos válidos das Asambleas e a Xunta Directiva.
- b) Abona-las cuotas que se fixen.
- c) Asistir ás Asambleas e demais actos que se organicen.
- d) Desempeñar, no seu caso, as obrigas inherentes ó cargo que ocupen.

**Artigo 28.** Os socios de honra terán as mesmas obrigas que os fundadores e de número a excepción das previstas nos apartados b) e d), do artigo anterior.



Asímesmo, terán os mesmos dereitos a excepción dos que figuran nos apartados c) e d) do artigo 25, podendo asistir ás asambleas sen dereito de voto.

**Artigo 29.** Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cuotas de socios, periódicas ou extraordinarias.
- b) As subvencións, legados ou herencias que puidera recibir de forma legal por parte dos asociados ou de terceiras persoas.
- c) Calquer outro recurso lícito.

**Artigo 30.** O Patrimonio Fundacional ou Fondo Social da Asociación é Inexistente.

**Artigo 31.** O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

### CAPITULO VI DISOLUCIÓN

**Artigo 32.** Disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asamblea Xeral Extraordinaria, convocada ó efecto, por unha maioría de 2/3 dos asociados.

**Artigo 33.** No caso de disolución, se nomeará unha comisión liquidadora, a cual, unha vez extinguidas as deudas, e se existise sobranse líquido destinarao para fins que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa, concretamente a unha actividade benéfica ou a outra asociación similar á constituida.

### DISPOSICION ADICIONAL

En todo canto non esté previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente "Ley Orgánica 1/2002, de 22 de marzo", reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.

**DILIXENCIA:** D. Fernando Balboa Rodríguez, na súa calidade de Secretario da Asociación Pedagóxica e Cultural Gamelán fai constar que os ditos Estatutos modificados en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 6 de novembro de 2006 recollen os acordos adoptados na mencionada Asemblea.

En A Coruña, a 6 de novembro de 2006

Asdo.: Fernando Balboa Rodríguez  
O Secretario

JUNTA DE GALICIA  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA  
 MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS  
 Quedan VISADOS e incorporados ó  
 Rexistro Central desta Comunidade Autónoma  
 n.º de Rexistro Asociación 2001/000660 - 1  
 Santiago de Compostela, 6 de febreiro do 2007  
 A DIRECTORA XERAL DE INTERIOR  
 Asdo.: M<sup>a</sup> Isabel Durántez G<sup>a</sup>